

XI FESTIVAL DE CINE DE MÚSICA DE ROCA

18 · 19 · 20 DE XULLO

ROCA · GUITIRIZ · LUGO

CONCERTOS · PRESENTACIÓNS · XOGOS POPULARES · ROTEIROS · PETISCOS · PROXECCIÓNS

1º DÍA CASA HABANEIRA · 2º DÍA IGREXA DE ROCA · 3º DÍA CASA DE SIMÓN

ENTRADA LIBRE

ORGANIZAN



COA COLABORACIÓN DE

concello de
GUITIRIZ

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA Cultura

MÁIS INFORMACIÓN EN

@CINEROCA
@CINEROCA
Festival de Cine de Roca

cinemusicaroca.wixsite.com/cinerooca

DÍA 1



UBICACIÓNS ^

Festival de
Cine de Roca
cine de música



XI EDICIÓ · 18, 19 E 20 DE XULLO
ROCA, GUITIRIZ, LUGO

XOVES 18 / CASA HABANEIRA

20:30h. INAUGURACIÓN da XI edición / Xermolos

21:00h. PROXECCIÓN: **Raúl Rodríguez: 30 años en la frontera [2024]** / 33' / entrevista-documental

21:45h. INTERVENCIÓN MUSICAL: **Os Canallas** [agrupación de gaiteiros]

22:30h. PROXECCIÓN: **Labrando músicas [2023]** / 25' / Alejandro Gándara, Olaia Tubío, Asociación de Gaiteiros Galegos. Presentación e coloquio con **Xaneco Tubío** e **Oli Xiráldez**

VENRES 19 / IGREXA DE ROCA

20:30h. PROXECCIÓN: **La música nos mueve [2022]** / 36' / Sergio Rodrigo, EntreFronteras

21:30h. CONCERTO: **Manu Mariño & Jose Gómez** (música galega con guitarra flamenca)

22:45h. PROXECCIÓN: **Gurumbé: canciones de tu memoria negra [2016]** / 72' / Miguel Ángel Rosales



BAR · PETISCOS · MERCHANDISING

Xermolos

DEPUTACIÓN DE LUGO
VICEPRESIDENCIA Cultura

concello de
GUITIRIZ



CASA HABANEIRA



IGREXA DE ROCA



CASA DE SIMÓN

SÁBADO 20 / CASA DE SIMÓN

9:00h. RUTA DO RÍO REQUEIXO (10km). Roteiro guiado con **Cristina Rodríguez** (botánica), **Bibiana Lorenzo** (zoóloga) e **Roi Cuba** (zoólogo). Saída Escola de Roca

13:30h. PREGÓN da XI edición: **Xosé Antón Bocixa Rei**

14:00h. SESIÓN VERMÚ: actuación da agrupación de música tradicional **Toleaches pola peneira** / Concerto Tradigalu

16:00h. XOGOS TRADICIONAIS / Xotramu

17:00h. PROXECCIÓN: **Acordamos [2024]** / 63' / Uxía Senlle. Presentación e coloquio con membros da equipa de rodaxe

18:45h. PRESENTACIÓN: **Lumes** (libro de fotografía rural) / Presentación e coloquio con **Adra Pallón**

20:15h. PROXECCIÓN: **Barullo, a música galega en lingua galega [2021]** / 51' / Xosé Antón Bocixa Rei

21:30h. CONCERTO: **Gael de Papel** (música orixinal con influencias 'tradi' comprometida coas loitas sociais)

22:30h. CONCURSO DE CURTAMETRAXES

22:30h. PROXECCIÓNS. **Curtas galegas:**

- Volver cantando [2024] / 16'
- Para Kepa [2024] / 5'
- A mirada delas [2024] / 15'
- Leña verde [2024] / 10'
- Son Seivane [2024] / 18'

23:30h. PROXECCIÓNS. **Curtas non-galegas:**

- Soc maricó [2023] / CATALUNYA / 12'
- A palo seco [2024] / MADRID / 29'
- Eskuen Soinua [2022] / EUSKADI / 12'
- Camilo e Lucía: dois coraços de um lugar [2023] / BRASIL / 13'
- I want to sing [2023] / ANDORRA / 6'

00:45h. VEREDICTO E ENTREGA DE PREMIOS

PROYECCIONES / cine de música

xoves 18 de xullo · 21:00H · Casa Habaneira



TÍTULO: RAÚL RODRÍGUEZ. 30 AÑOS EN LA FRONTERA (2024) / 33' / entrevista-documental

DIRECCIÓN: Fernando Maya, Jesús Chacón

SINOPSE: Entrevista documental co músico e antropólogo Raúl Rodríguez Quiñones (Sevilla, 1974), repasando os momentos máis importantes nos seus 30 anos de carreira. Raúl é recoñecido por fusionar flamenco con músicas afroamericanas e caribeñas. Fillo da cantante Martirio, creou o "tres flamenco", unindo o tres cubano coa guitarra flamenca. O seu primeiro álbum en solitario, "Razón de Son" (2014), explora estas conexións musicais.

xoves 18 de xullo · 22.30H · Casa Habaneira



TÍTULO: LABRANDO MÚSICAS (2023) / 25'

DIRECCIÓN: Alejandro Gándara, Olaia Tubío, AGG

SINOPSE: Documental que conmemora o 30 aniversario da Mostra de Instrumentos de Música Tradicional de Pardiñas, evento central do Festival de Pardiñas. Este traballo narra a historia e evolución da Mostra, destacando a súa importancia na recuperación e difusión da música tradicional galega. Inclúe entrevistas con artesáns como Xaneco Tubío, Oli Xiráldez e Julia Martín Ramírez, mestres de baile como Gustavo Couto e músicos como Pepe Ferreirós. A Mostra, pioneira na península, creou un espazo de colaboración entre artesáns e músicos, contribuíndo á profesionalización do sector e converténdose nun referente en Europa. O documental destaca a relevancia actual da Mostra e a continuidade da tradición musical galega.

venres 19 de xullo · 20:30H · Igrexa de Roca



TÍTULO: LA MÚSICA NOS MUEVE (2022) / 36'

DIRECCIÓN: Sergio Rodrigo, Entre Fronteras

SINOPSE: *La música nos mueve* narra a historia dun grupo de menores migrantes e andaluces que se atopan nun curso musical. A través das súas interaccións, explora temas como a integración, a diversidade cultural e a superación de barreiras a través da música. O poder unificador da música convértese no fío condutor que lles permite atopar unha linguaxe común e construír pontes entre os seus diferentes mundos. O obxectivo principal é visibilizar a realidade dos menores migrantes e destacar a importancia da inclusión e a empatía na nosa sociedade. A música actúa coma un catalizador de cambio e entendemento, demostrando que, a pesar das diferenzas culturais, os seres humanos poden atopar harmonía e solidariedade.

PROYECCIONES / cine de música

venres 19 de xullo · 22:45H · Igrexa de Roca



TÍTULO: GURUMBÉ, CANCIONES DE TU MEMORIA NEGRA (2016) / 72'

DIRECCIÓN: Miguel Ángel Rosales

SINOPSE: Un documental que rescata do esquecemento a historia da escravitude africana na Península Ibérica, resaltando o protagonismo que, xunto a outros colectivos marxiniais, tiveron na nosa historia e a nosa cultura.

Coa explotación comercial de América, miles de africanos son traídos a España e Portugal para ser vendidos como escravos. Algúns serán exportados ás colonias e outros quedarán nas cidades. Estes últimos formarán unha poboación que irá gañando o seu espazo na sociedade, enfrontándose desde o principio á súa situación de escravos e aos fortes prexuízos raciais.

sábado 20 de xullo · 17.00H · Casa de Simón



TÍTULO: ACORDAMOS (2024) / 63'

DIRECCIÓN: Uxía Senlle

SINOPSE: A Segunda República converteuse nun período de iniciativas pioneiras en Galicia, impulsadas por persoas que se movían entre os soños e a utopía. Proxectos de renovación pedagóxica, de cooperativas de financiación ou de pioneiros centros culturais, ata que a irrupción do franquismo arrasou con todos estes proxectos. Acordamos é unha viaxe á memoria destes proxectos, a través de interesantes aportacións musicais inéditas como Malvela e Celina da Piedade e Ana Santos, Quilma e As Divinas, Woyza e Maria Faltri, SonDaRúa, Luis Pastor e Antía Muíño ou Treixadura.

sábado 20 de xullo · 20:15H · Casa de Simón



TÍTULO: BARULLO, A MÚSICA GALEGA EN LINGUA GALEGA (2021) / 51'

DIRECCIÓN: Xosé Antón Bocixa Rei

SINOPSE: Partindo de artistas galegos que trascenderon alén das nosas fronteiras nos anos 70 e 80, como Andrés do Barro ou Os Resentidos, abordaremos as épocas nas que apenas existían proxectos musicais diversos dentro do espazo musical na nosa lingua. Na viaxe iremos conversando e vendo en directo (con imaxes de concertos) a todo tipo de artistas nese tránsito cara o século XXI no que aboian unha enorme cantidade de proxectos que son descoñecidos para a xuventude do noso país e que xiran por moitos lugares do mundo e outros moitos con traballos de moita calidade e buscan un oco na complicada industria musical.

CURTAMETRAXES GALEGAS / *finalistas*

sábado 20 de xullo · 22:30H · Casa de Simón



TÍTULO: *VOLVER CANTANDO (2024) / 16'*

DIRECCIÓN: Lázaro Louzao

SINOPSE: O primeiro que a memoria esquece, ao morrer un ser querido, é a súa voz. Utilizando as cintas caseiras familiares que o seu pai gravou entre 1997 e 2004, o autor trae unha procura a través do seu propio recordo. 'Volver Cantando' é o intento dun neto por recuperar a voz da súa avoa, unha muller que en vida tivo moito que dicir e cuxa voz se está perdendo no tempo. Esta carreira contra o esquecemento é en certo xeito unha homenaxe a todas as persoas cuxas vidas nunca saíran nos libros de historia pero que non por iso foron menos importantes.



TÍTULO: *PARA KEPA (2024) / 5'*

DIRECCIÓN: Juan Lesta

SINOPSE: Caía un outono prácido nas augas da fin da terra, era 2018 e alguén facía voar as gaivotas da Langosteira, tal vez por vez derradeira. Quen era? O gran Kepa Junquera.

Os alicerces do Bela tremían ao son das latas, e tamén das pandeiretas, e tamén da trikitixa que ese día foi eterna. Porén, por luminoso que sexa outubro ao final o inverno chega. Kepa fixo unha promesa. Antes que a outro sitio ningún había voltar a Fisterra. Cumpríu! Todo isto é Para Kepa!



TÍTULO: *A MIRADA DELAS (2024) / 15'*

DIRECCIÓN: Clara Maseda

SINOPSE: A miña nai sempre me dixo que podía ser o que eu quixese. A través de vídeos caseiros gravados na miña infancia, falo sobre a miña crianza e a miña relación coa arte. María, Catuxa e Aroa, tres artistas emerxentes galegas, completan esa reflexión mentres mostran o seu traballo. Este documental abre un diálogo entre o arquivo doméstico e as entrevistas, tratando temas como a liberdade, a muller, a cultura no rural e a importancia das raíces.



TÍTULO: *LEÑA VERDE (2024) / 10'*

DIRECCIÓN: Brais Alvarellos

SINOPSE: Despois de varios erros coa súa parella, Cibrán decide quedar con Noa pra falar as cousas, pero atoparase con que ás veces na vida hai que saber aceptar que non sempre xiramos na mesma dirección que a xente que queremos.

Leña Verde, é unha curtametraxe que invita a reflexionar sobre as expectativas que xeramos, sobre a aceptación da perda, e sobre saber coñecer os teus tempos como individuo pra dar pasos na tua vida.



TÍTULO: *SON SEIVANE (2024) / 18'*

DIRECCIÓN: Xosé Antón Bocixa Rei

SINOPSE: Nacida no seo dunha familia cun obradoiro histórico de gaitas, no ano 1999, en pleno "boom das gaitas", Susana Seivane saca o seu primeiro disco e arrinca unha traxectoria que a vai converter nun nome imprescindible da música tradicional en Galicia.

CURTAMETRAXES NON GALEGAS / *finalistas*

sábado 20 de xullo · 23:30H · Casa de Simón



TÍTULO: *SOC MARICÓ (2023) / 12' / CATALUNYA*

DIRECCIÓN: Miguel Vingut, Javier Riera

SINOPSE: Félix é un mozo adolescente que un día se enche de valor para saír do armario coa súa familia. É na súa cabeza onde se sente verdadeiramente libre, onde pode ser el mesmo e onde se enfronta con valor aos numerosos despregos do seu pai. A súa cabeza lévao a unha realidade paralela chea de música, coraxe, alegría, rabia e sinceridade. Pero fóra da súa cabeza todo é moi distinto. O día que, durante unha cea familiar, decide saír do armario, vemos a posición represora do seu pai, pero aínda así Félix téntao ata tres veces. A súa nai, máis comprensiva tenta animalo a falar. Pero sen ningún éxito.



TÍTULO: *A PALO SECO (2024) / 29' / MADRID / ESTREA*

DIRECCIÓN: Richard Zubelzu, Magda Calabrese


SINOPSE: *A palo seco* é unha curta documental sobre a arte do flamenco, a situación dos artistas flamencos e dos *tablaos* tras a pandemia de Covid-19, os que pecharon definitivamente as súas portas e os que rexurdiron de novo. Un traballo cargado de emoción e sentimento porque entendemos que o flamenco é moito máis que unha expresión artística.



TÍTULO: *ESKUEN SOINUA (2022) / 12' / EUSKADI*

DIRECCIÓN: Ainhoa Urgoitia Santamaría

SINOPSE: Fronte a un mundo cada vez máis tecnolóxico e mecanizado hai persoas que seguen apostando polo traballo coas mans. É unha utopía que en pleno século XXI aínda se fabriquen obxectos de maneira artesanal? Coñecemos e valoramos o potencial das nosas mans?



TÍTULO: *CAMILO E LUCIA. DOIS CORAÇÕES DE UM LUGAR (2023) / 13' / BRASIL*

DIRECCIÓN: Daniel Lôbo

SINOPSE: Emocionante xornada en estilo Road Movie, onde acompañamos ao documentarista Daniel Lobo na súa busca por se conectar coa rica cultura Afro Peruana. A súa traxectoria lévao á encantadora cidade de El Carmen, onde se encontra cos irmáns Camilo e Lucía Ballumbrosio, fillos do lendario músico Amador Ballumbrosio. Esa experiencia lévanos a unha inmersión nos fascinantes aspectos da cultura Afro Peruana e nas historias persoais destas persoas únicas. Con paisaxes abraiantes, unha banda sonora contaxiosa e unha narrativa envolvente, este documental proporciona unha maneira bela e inspiradora de mergullar na cultura dun país tan próximo ao do director, mais aínda descoñecido polos brasileiros.



TÍTULO: *I WANT TO SING (2023) / 6' / ANDORRA*

DIRECCIÓN: Hèctor Romance

SINOPSE: Nun futuro non demasiado afastado, a contaminación e a destrución das guerras poñen en perigo a supervivencia dos seres humanos e do Planeta. Un grupo de rebeldes iniciará unha revolución para tentar darlle a volta ao destino da humanidade.

CONCERTOS/ a música por bandeira



xoves 18 de xullo · 21:45H · Casa Habaneira
OS CANALLAS
agrupación de gaiteiros

Agrupación de gaiteiros conformada por Xaneco Tubío, Oli Xiráldez, Benito Queimaliños e Alberto Pires. Acompañarán a presentación do documental *Labrando músicas* con Carolina Pires á pandeireta.

venres 19 de xullo · 21.30H · Igrexa de Roca

MANU MARIÑO & JOSE GÓMEZ
música galega con guitarra flamenca

Jose Gómez (Lorca) é un compositor e guitarrista flamenco que explora outras sonoridades como a música arxentina ou a brasileira. Por outra banda, Manu Mariño (Viveiro) é un multiinstrumentista (voz, guitarra e frauta) afincado en Granada. É nesta cidade onde nace este dúo que explora a fusión do flamenco con músicas latinoamericanas e folclore ibérico. Ademais, ambos son compoñentes do trio Acalanta, xunto coa cantareira Eva Outeiro. Neste trío fusionan o flamenco cunha formación moi orixinal: voces, pandeireta, frauta e guitarra. Nesta ocasión, Jose e Manuel farán un repertorio variado onde reinará o flamenco como principal punto de confluencia.



sábado 20 de xullo · 14:00H · Casa de Simón

TOLEACHES POLA PENEIRA
agrupación de música tradicional
#Tradigalu2024

Actuación ao abeiro do programa Tradigalu da Deputación de Lugo, para a conservación, promoción e difusión da riqueza musical.



sábado 20 de xullo · 21:30H · Casa de Simón

Gael de Papel
música orixinal con influencias 'tradi' e folk

Proxecto musical con cancións orixinais comprometidas coas loitas sociais e cunha sonoridade con influencias tradicionais e folkis conseguidas a través da guitarra, o acordeón ou o chelo.



OUTRAS ACTIVIDADES

sábado 20 de xullo · 9:00H · Escola de Roca

RUTA DO RÍO REQUEIXO / 10KM / dificultade: media-baixa / 3h30'



Punto de quedada: Escola de Roca. Haberá transporte ata o punto de inicio na capela de Bascuas, con visita guiada con Alfonso Blanco Torrado. Desde Bascuas dará comezo a ruta guiada cos zoólogos Bibiana Lorenzo e Roi Cuba e a botánica Cristina Rodríguez. Regreso (camiñando) ao punto de inicio na Escola Roca.

- Recomendacións: auga, protección solar, pantalón longo.
- Non é necesaria inscrición
- Prégase puntualidade

sábado 20 de xullo · 13.30H · Casa de Simón

PREGÓN: XOSÉ ANTÓN BOCIXA REI

Persoa imprescindible na revitalización da cultura galega, un auténtico todoterreo, activista social e cultural, vocalista da máis antiga banda do rock galego, os Zénzar, e cunha inmensa labor no mundo audiovisual, producindo desde Tingalaranga Audiovisual multitude de traballos audiovisuais de recollida ou denuncia social. En Roca presentaranos tamén o seu documental "Barullo, a música galega en lingua galega" ademais de candidatar a súa curta "Son Seivane" na categoría "Curtas galegas".



sábado 20 de xullo · 16:00H · Casa de Simón

XOGOS TRADICIONAIS: XOTRAMU

Un ano máis contaremos coa colaboración de Xotramu, pioneiros na recuperación e divulgación do xogo tradicional galego.

sábado 20 de xullo · 18:45H · Casa de Simón

PRESENTACIÓN DE LUMES, CON ADRA PALLÓN



Adra Pallón (1992) é un fotógrafo e activista lucense, especializado en fotoxornalismo, actualmente considerado no top de fotógrafos mundiais, con dúzias de recoñecementos internacionais nos últimos anos. Estará en Roca presentando o seu proxecto fotográfico, e en especial o seu libro de fotografía rural *Lumes*. O libro conta desde moi dentro a historia dun mundo en extinción: o territorio rural galego dos nosos días. Tal como define o propio Adra, *Lumes* "é un berro polos dereitos que non ten a xente do rural.